

Acta da reunión do Consello de Departamento

ASISTENTES

Álvarez Sabucedo, Luis M.
Anido Rifón, Luis E.
Blanco Fernández, Yolanda
Burguillo Rial, Juan C.
Caciro Rodríguez, Manuel
Costa Montenegro, Enrique
Díaz Redondo, Rebeca P.
Fernández Iglesias, Manuel J.
Fernández Veiga, Manuel
Fernández Vilas, Ana
García Duque, Jorge
Gil Castiñeira, Felipe J.
Gil Solla, Alberto
González González, Alfredo
Lago Ramilo, Marcos
Llamas Nistal, Martín
López Ardao, José C.
López Bravo, Cristina
López Nores, Martín
Mikic Fonte, Fernando A.
Rodríguez Pérez, Miguel
Rodríguez Rubio, Raúl F.
Santos Gago, Juan M.
Sousa Vieira, Estela
Suárez González, Andrés

ESCUSAN ASISTENCIA

Pazos Arias, José J.
Rodríguez Hernández, Pedro S.

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Enxeñaría Telemática de 4 de xullo de 2018, convocada para as 12:00 horas en primeira convocatoria e para as 12:30 horas en segunda convocatoria na sala de xuntas da E.E. de Telecomunicación.

O mércores 4 de xullo de 2018 ás 12:35 horas deu comezo a reunión ordinaria do Consello de Departamento co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, de actas anteriores.

Apróbase, por asentimento, a acta do día 27 de abril de 2018.

2. Informe do Director.

O Director informou que o *pentesting* realizado pola empresa Inprosec afectou soamente ós servizos web da Escola pero non a máquinas individuais. As principais conclusións do devandito análise quedan pendentes para cando os resultados estén dispoñibles.

3. Aprobación, se procede, dunha modificación no POD do curso 2018-2019 debido o nomeamento do profesor José Juan Pazos Arias como Director de Área de Novas Tecnoloxías.

A dirección propón que o profesor José J. Pazos Arias asuma no vindeiro curso 2018/19 a docencia que ten asignada no POD aprobado o pasado 27 de abril, e que o desconto correspondente ó seu nomeamento como Director de Área de Novas Tecnoloxías (75 horas) sexa aplicado no curso seguinte.

Apróbase esta proposta por asentimento.

O Director do Departamento comenta que a día de hoxe xa hai varios profesores que teñen pendentes solicitudes de docencia sobrevida para o curso 2019/20, e que estas serán adxudicadas por estrito orde de antigüidade, recoñecendo asemade un prazo de tres cursos académicos para poder desfrutar os descontos correspondentes a este tipo de docencia.

4. Ratificación dos membros do Departamento que forman parte da Comisión Permanente da Escola.

O director lembra que, trala aprobación correspondente na Xunta de Escola do 9 de maio, os membros da Comisión Permanente son:

- Enrique Costa Montenegro (dirección, titular)
- Manuel Fernández Veiga (dirección, titular)
- Raúl F. Rodríguez Rubio (PDI-A, titular) e Ana Fernández Vilas (PDI-A, suplente)
- Miguel Rodríguez Pérez (PDI-A, titular) e Martín López Nores (PDI-A, suplente)
- Cándido López García (PDI-A, titular) e Jorge García Duque (PDI-A, suplente)
- Fernando Mikic Fonte (PDI-B, titular)

5. Informe sobre a bolsa de colaboración do Departamento.

O director propón aprobar o informe favorable emitido sobre a actividade levada a cabo polo bolseiro do Departamento Moisés R. Pacheco Lorenzo, dende o 3 de setembro de 2017 ata o 4 de xullo de 2018, no eido do proxecto “*Aplicación da analítica de datos no ámbito da neuro-psicoloxía*”.

Apróbase por asentimento.

6. Asuntos de trámite.
Non hai.

7. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:45 do día 4 de xullo de 2018, da que eu como Secretaria do Departamento dou fe co visto bo do Director.

O Director do Departamento

A Secretaria do Departamento

Dr. D. Raúl F. Rodríguez Rubio

Dra. D^a. Yolanda Blanco Fernández